

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2009.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as once horas do día vintetrés de novembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, Dna. M^a. Angeles Diaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan A. Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. Maria Africa Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña Gomez Diaz, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Asiste tamén Dna. Vanessa Garcia Barreiro, interventora municipal.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 30.10.09

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta que deseguido se relaciona:

- Sesión ordinaria realizada o día 30.10.2009.

2.- PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010.

Sr. Alcalde: Bueno este é un tema que ven ditaminado de Comisión, se trata de darlle a, a aprobación ás obras que foron ditaminadas na Comisión de obras e servizos. E ten a palabra o conselleiro de obras, o concelleiro de obras.

Sr. Roca Lorenzo: Ben bon día. Como di, moi ben dí o Alcalde e... o POS pasou por comisión e ben cos votos favorables do BNG, PSOE e IPM, e abstencións de Esquerda Unida e do PP. Traese a comisión, ou a Pleno para bueno, para darlle o curso correspondente. As obras que se propuxeron para esta comisión foron a actuación de mellora nos depósitos de Franza, cun valor de 33.590, esta mellora e para poder darlle abaste.... auga a ... a parte alta de Franza, porque senón facemos esta, esta reparación, esta reparación non, esta ampliación digamos, e... sería inviable o poder darlle a, a auga á parte alta de Franza. E logo temos a execución de rede de colectores na rúa do Peteiro, eiquí temos un, o colector de abastecemento, de saneamento, está moi defectuoso, e se vai a repoñer unha parte dese saneamento, así como tamén se vai a aproveitar a obra para meter a tubería de pluviais. Por un importe de cincuenta e cinco mil euros. Quero subliñar eiquí que bueno, esta é unha, unha petición dos grupos que compoñen o, que compoñen o concello de Mugaros, e, e bueno, e a proposta e tamén en base a que, eiquí temos vinte tantas vivendas, e é unha obra necesaria nestes momentos. A ampliación de rede municipal de saneamento de augas residuais no

Bailón por un importe tamén de trinta e catro mil euros, e tamén temos a execución de beirarrúa na Avenida de Galicia. Entendemos que desta forma e... damos, damos satisfacemos dalgunha maneira, tanto ao centro do pobo, do Concello, como, como digamos ás parroquias. E bueno, e... iso é o que teño que dicir de momento.

Sr. Alcalde: Ben abrese agora un turno de intervencións, se os grupos que queiran intervir. Ben, teñen pedidas as palabras por orden de petición, a portavoz de Izquierda Unida, o portavoz de Independentes por Mugaros, e o portavoz do Partido Socialista. E agora me está sinalando o Partido Popular. Ben por orde de petición.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente di): Ben pois, bos días a todos e a todas. Nós en, en primeiro lugar queremos saudar a unanimidade dos grupos municipais na decisión de non investir o 50% que nos permitiría este POS, do ano 2010, para o financiamiento de gastos correntes do Concello. Eu creo que iso é unha boa noticia, e que polo tanto o 100% dos cartos que lle corresponden ao Concello de Mugaros poida ser investido en obras. Eu creo que iso é algo a destacar tamén dada a situación económica pola que están a atravesar o conxunto dos concellos e que Mugaros tampouco se queda á marxe desa situación aínda que non ten unha situación tan delicada como outro. En segundo lugar e entrando no concreto das obras, nós manifestomolo na Comisión, fixemos unha proposta alternativa, en canto a dúas obras non ao conxunto das obras. Dende o comezo do debate, nós manifestamos que apoiaríamos tódalas obras en principio sen concretar ningunha de saneamento e de abastecemento de auga e ampliación da rede de auga nas parroquias, e polo tanto a nosa proposta que así a manifestamos na Comisión sería a seguinte: en canto á realización de obras para seguir a mesma estrutura que ven na proposta do expediente, nós deixariamos a actuación e a mellora dos depósitos de Franza, a execución de colectores na rúa do Peteiro, e substituiríamos a execución da beirarrúa na Avenida de Galicia, e a ampliación da rede municipal de saneamento, de saneamento de augas residuais no Bailón pola separata número tres cuarta parte, que sería abastecemento de auga a Franza, O Seixo e San Xoán, por un valor total de noventa mil euros. quero recordar que esta obra foi solicitada nun principio no PEIM, despois como todos os que estamos e aquí sabemos, houbo que trocar a obra, por un problema non derivado do Concello, pero fora unha obra que recollera a unanimidade. Con esta modificación proposta polo noso grupo, a aportación municipal pasaría do 5,26 recordar que o cinco por cento é a aportación mínima e obrigatoria que ten que facer o concello ao 13,04. O que en valores absolutos pasaría de oito mil trescentos dezaioito con sesenta e tres euros, a vinte mil seiscientos dez con sesenta e catro. Polo tanto a diferenza na proposta eu creo que é perfectamente asumible no orzamento do ano 2010, que aínda está por debatir, e que sería en valores absolutos, de doce mil douscentos trinta e dous con cero un euros. E en canto ao complementario que é o que se realiza cos remanentes das obras do POS, a nosa proposta sería a separata número tres, terceira parte, do abastecemento de auga a Franza, O Seixo e San Xoán, por valor de sesenta e cinco mil euros. Como recordaredes tamén esta obra foi aprobada por unanimidade, a súa petición de solicitude dentro dunha da Deputación que era actividades de formación, emprego e desenvolvemento local, que finalmente decaeu pola aportación que facía a Deputación Provincial que era de 9998,88 euros, e finalmente decaeron. Polo tanto sería incorporar as dúas obras que durante o ano 2009 estivemos de acordo por unanimidade en executar, e que por diferentes avatares non foi posible. Sen por elo

considerar que as obras que se propoñen no expediente plenario son tan necesarias como as que estamos a propoñer nós eiquí. Probablemente e para os veciños afectados moito mais. De tódolos xeitos o noso criterio nun principio sería impulsar a finalización do abastecemento de auga para que o conxunto dos veciños e por iso facemos ista proposta.

Sr. Alcalde: Gracias. E... Fariña.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente di): Perdón pola interrupción, pero fago, fago uso, a vós dinvolo eu. A... non, tes ti eiquí o meu. Pase por aí. Teño eiquí o teu, e ti tes o meu, non hai problema ningún. Bueno, bos días. E... seguramente tería que empezar dicindo que como dixó a compañeira, que tódalas obras que poñan calquera que estemos eiquí hoxe, pois son necesarias, seguro que son necesarias. O que pasa é que ten que haber criterios e forma de razoar, polo tanto comezo a miña intervención dicindo que xa fai algún tempo na Comisión de Urbanismo, creo recordar, pedín que se razoaran as posturas cun fin, o fin era poder comprender o porque unha cousa ou outra. Hoxe volto a solicitar ese razoamento para elixir unhas obras ou outras. Usando o argumento como expresión verbal do razoamento. Na penúltima Comisión de Obras, razoei argumentando o porque de facer as obras nas parroquias de Mugar dos e Mehá, basada na inversión do Plan de Obras e Servicios no período 2003-2009, que ten como resultado que mentres que en Franza, Seixo e San Xoán empregáronse 928.932,19 euros, en Mugar dos e Mehá foron 623.739,26 euros, o que dá uns ratio por habitantes muy significativos. Un, en todo o conxunto do municipio o ratio é 279 euros habitante, en Mugar dos-Mehá o ratio é de 173,2 o que representa un 27,84 do investimento. En Franza, Seixo e San Xoán 456, o que significa o 72,15% do investimento, de todo o investimento. Este é un razoamento argumentado, mellor ou peor, con mais claridade ou con menos. Pero un razoamento. E antes de seguir ampliando este razoamento quero deixar claro que ao meu entender non é un bo método que os cartos das obras se empreguen nas zonas exclusivamente de, polo tema económico habitante, e moito menos que o reparto anual se faga desa forma. Recordar por experiencia, que xa houbo outras experiencias noutros concellos, creo recordar que foi Ares, e concretamente non funcionou como quixeran os compañeiros de Ares. Sen embargo, eu creo que nun espazo de tempo importante, é un bo indicador medidor, por iso plantexo o período 2003-2009, seis anos. E tampouco isto é un capricho, é o tempo de responsabilidade no goberno de Mugar dos do BNG. Outro criterio ou razoamento argumentado poidera ser o criterio polo que recibimos os cartos da Deputación para estes plans, onde a relación cartos habitantes, ten pouco peso, xa que se ve compensado con outros factores que eu non aprobaría. Entro a expoñelo, porque este criterio si foi aprobado polo PP, polo PSOE e BNG, uns o aprobaron e outro non o trocaron cando gobernaban, estou falando da Deputación. Recordar que os criterios na Deputación de distribución son o 10% da, dos cartos é cota fixa, o 5% é esforzo fiscal, o 15% polo número de parroquias, o 35% por poboación e o 35% por superficie. Levando a... os datos que remato de dar eu, e que algúns de vostedes teñen na mesa, da un resultado comparativo que é que en Mugar dos no período 2003-2009, Mugar dos-Mehá, primeiro falo de parroquias para aclaralo, falo de parroquias porque é a distribución natural do... de Mugar dos. E segundo, fago conxuntamente Mugar dos e Mehá porque é obvio que está entramado unha cousa coa outra. Rúas do que chamamos casco urbán ou Mehá. Pois daría o resultado comparativo, daría que tería que ter recibido Mugar dos 836.771 euros, ou sexa o 54%, mentres que recibiu 623.739

que é o 40%. Ou sexa con claridade, recibiu 213.077 euros menos, cos indicadores da propia Deputación. E Franza e Piñeiro, que son as outras dúas parroquias, e... recibiu, tería que recibir 715.811, o 46%, e recibiu 928.932 é dicir recibiu 213.077 euros mais do que lle correspondía. Eu creo que sería bo que esta fórmula, eu teño unha copia so, non me lembrei de facer mais, pero imos, despois facedes. Esta fórmula de reparto ou outra fose orientativa para saber onde temos que ir facendo os investimentos. Logo lembrar que na propia Deputación fala que non se pode incluír no plan, adquisición de bens, so ten que ser propiamente obras. Alguén me está a boicotear, pero é igual, seguimos. E a outra é que o Concello ten que acreditar a dispoñibilidade dos terreos. Dito isto, por derradeiro quero dicirles o que xa todos sabedes, o significado das verbas, pero tratando de facer un simil cos derradeiros informes pedagóxicos do secretario, digo se razoar se fai analizar e desenrrolar un criterio propio, un criterio lóxico é a veracidade das formas conxénitas ou coxenitivas, que tamén sabedes é o esforzo de comprender e actuar. Pretendín ser desambigüo, si o comprendín, se o comprenderon actúen e voten razoadamente as obras propostas, nada mais, moitas gracias.

Sr. Alcalde: Gracias Fariña. Juan tes a palabra.

Sr. Fernández Ameneiro: Bo día... os datos xa os relatou o compañeiro Fariña con todo luxo de detalles e eu vou a ser un pouco mais breve. Vou a referirme simplemente aos debates que previo a este concello xa se fixeron nas comisións de obras e de servizos, onde tódolos grupos municipais fixeron as súas propostas das obras que consideraban que había que incluír no plan de obras e servizos do ano 2010. Obras tan importantes e necesarias para os veciños e veciñas do noso concello como as que hoxe se propoñen. E calquera que viñeran eiquí para a súa aprobación contaría co respaldo do grupo municipal socialista. Pero a realidade, é que a cantidade que destina o... a Deputación e o Estado, para o noso concello, é de 158.053 euros. E se ben é certo que obras como a separata número tres cuarta parte, ou a terceira parte propostas pola compañeira de Izquierda Unida poderían entrar perfectamente no POS 2010, creo que as obras que hoxe agardo aprobemos como son a actuación de mellora nos depósitos de Franza, a execución de beirrarúas na Avenida de Galicia, a execución da rede de colectores no Peteiro, a ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais no Bailón, así como o colector de saneamento de augas residuais no Lodairo Seselle para o plan complementario do ano 2010, tamén son importantes para as parroquias e o casco urbán. Mais dificultades ao noso entender, e... tería o desenvolvemento do, do saneamento do Monte que propoñía o compañeiro do PP, porque parécenos que practicamente a inversión total, ou posiblemente non chegaría para o desenvolvemento da obra e a compra dos terreos. Agardamos que no segundo plan de axuda aos concellos que o goberno de Zapatero está a desenvolver, e que ao Concello de Mugar dos corresponden 600.000 euros, poidamos seguir completando a rede de sumidoiros e auga para que antes de rematar a lexislatura tódolos veciños e veciñas do concello dispoñan de estos servizos. Estas obras teñen cabida no segundo plan estatal de investimento local, e dende logo o Partido Socialista vai a darlle prioridade a estas obras nas nosas propostas. Reiteramos a nosa satisfacción polas obras que imos a desenvolver no POS 2010 que contan co apoio do Grupo Socialista.

Sr. Alcalde: Gracias Juan. Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido literalmente di): Bueno, eu despois da posta en escea de Fariña, a cal agradecemos, e despois do discurso a favor dos plans de Zapatero, nós imos ao meollo da cuestión, que é Mugardos, Mugardos e o investimento que se fai eiquí. En primeiro lugar sorprendenos posicións relativas a que despois de seis meses para aprobar uns orzamentos os mais, os que tiñan unha recadación, e uns ingresos dos maiores da historia de Mugardos, ou un dos maiores da historia de Mugardos, ao final o investimento que se fai nun plan de obras e servizos son oito mil euros e pico. É dicir, non concorda exactamente moito que un orzamento do calado de Mugardos, ao final o que redonda en importantes obras en Mugardos son oito mil euros. É dicir, despois de seis millóns e pico de euros non.... Parece que calquera que poda razoar ese tema, parece que non concorda demasiado. Despois home, hai cousas que habería que explicar aínda mais. Cal é o sentido de arranxar o depósito de auga vello de Franza, habendo un novo. Habería que dicir para que se vai a destinar, eu creo que sería bo dicilo. O PP en base aos criterios que fixaba tamén, dicía Independentes por Mugardos, nós fixamos nosos criterios, nós tivemos e plantexamos un criterio clave, que era dar prioridade en primeiro lugar a criterio de obras que supuxeran redes de sumidoiros e abastecemento en, en sobre todo por unha orde de prioridade para aquelas zonas que estiveran mais poboadas, e en base a ese criterio que era fundamental pois, na obra de maior calado de redes de sumidoiros que era sen dubida o do Monte en Franza. ¿Por qué?. Pois porque si ben podese aludir a que un pode ter unha porcentaxe, un ratio de investimento, ou se pode aludir a que en Mugardos hai un tanto por cento, en Franza hai outro, o certo é que ese porcentaxe, baixo o noso punto de vista estaría ben, se todos partiran das mesmas circunstancias, pero o certo é que as parroquias non compiten en igualdade de, de circunstancias cos cascos de Mugardos. Co casco de Mugardos. Claro se todos partiramos de que temos redes de sumidoiros e auga suficiente, e abastecemento, bueno, pois plantexar estas cuestións pareceríanos lóxico. Pero claro, cando un non ten auga na casa, auga da traida, nin ten a rede de sumidoiro, dicir que o investimento ten que ser o tanto por cento, eu creo que é unha cousa mais irreal. Nós apostamos e aí coincidiamos en certa medida con Izquierda Unida baixo o criterio de saneamento, obras de saneamento tanto de rede de sumidoiros como de abastecemento, en calquera lugar. Tamén se plantexou unha proposta que era a separata número tres, me parece, que se plantexara etc, etc. Na que tamén tería cabida baixo este criterio que plantexáramos. O certo é que, tamén se contemplan obras eiquí, que ben puideran estar no Plan E. E... claro o que pasa é que hai un problema para contemplar estas obras no Plan E, e é que o Sr. Alcalde non tivera xa comprometido o Plan E. Claro se o Alcalde xa ten comprometido o Plan E, dificilmente estas obras poden ir no Plan E. Entón, é unha cuestión xa de interpretacións, é dicir, ter poucos cartos, significa priorizar no realmente importante. Nós seguimos a considerar que o realmente importante son servizos de rede de sumidoiros e abastecemento de auga. E despois rebacheamos beirarrúas, poñemos bolardos, ou poñemos o que sexa. Pero o fundamental, é que nucleos importantes aínda de poboación teñan servizos fundamentais. E... ben, esa era a proposta, o PP baixo ese criterio, que o mantivo sempre, o mantivo sempre, a súa prioridade era que o POS se dedicara na súa totalidade á rede de sumidoiros do Monte. Tamén é verdade que se propuxeron, se dixo dende o Partido Socialista, que poidera ter algunha complicación. Pero o certo, é que si un non pon enriba da mesa as complicacións que hai, raramente podemos debatir sobre a viabilidade ou non do proxecto. En ningún intre dende o grupo de goberno se tivo, e se puxo seriamente o tema do Monte riba da mesa. Se puxo que podería haber problemas, que podería ou non... bueno...

pero realmente non se nos dixo cales eran eses problemas, nin cal era exactamente aquilo no que... bueno, poideramos chegar a un acordo, pero realmente é que xa había outras opcións, polo tanto esta deixouse de barallar. Bueno, pois independentemente de que tódalas obras son boas, en certa medida, o certo é que... cando o Concello non ten un investimento de, demasiado elevado hai, o que hai que facer e tentar optimizar o máximo o investimento que se fai. Nós cremos, que neste POS non se optimizou os cartos do Concello. E menos cun investimento do calado de apenas 8.300 euros. Eu creo que Mugardos, pode presumir de calquera cousa, pero non de investir demasiado en obras fundamentais. E oito mil euros, como digo, para ter uns ingresos tan grandes como ia a ter este concello, pois non cremos que esté proporcionalmente. Polo tanto, se ben non nos gusta relativamente cal é este tipo de POS, o certo é que non nos imos a opoñer a él como é o natural, porque os veciños teñen dereito a todas estas obras. E sobre todo porque se emprega, moitas veces se emprega torci... torcideramente que o PP dí, que o PP vota en contra dunha obra. Non non, o PP non vota en contra dunha obra, o que o PP vota é a prol doutras que considera prioritarias por riba desas. Pero xa digo, para que non se torza exactamente o que di o PP, o PP está a prol de todas, pero non coincide nas prioridades co goberno municipal, e polo tanto imonos a abster neste POS, porque cremos que non está á altura do Concello de Mugardos.

Sr. Alcalde: Bueno, e... antes de conceder outro turno de replica ou de aclaracións, a min gustariame dicir algunhas cousas tamén con respecto a... ao que hoxe imos a aprobar eiquí. É certo que cando se trae unha proposta para aprobar calquera plan de obras, pois evidentemente de trece que somos eiquí, pois seguramente hai trece opinións que, que son diferentes. Ou algunhas coincidentes pero non na súa totalidade. Eu en, en primeiro lugar teño que, que dicir que... dende fai moito tempo non se presentou eiquí neste Pleno un traballo como o que acaba de expoñer o... o sr. Fariña. Aínda que posiblemente estivera na mente de todos nós, no tema de facer un reparto equitativo de tódalas inversións que este concello fai. Que ao mellor sería o mais correcto. Empregar o sistema ese que emprega a Deputación, e entón pois seguramente que non habería estas disidencias ou estas desencontros á hora de aprobar un plan, un plan de obras. Eu creo que no, no tema de, creo que no tema de abastecementos e saneamentos, Mugardos, creo que pode ser un dos concellos de toda a volta, xa digo da comarca que mellor está dotado, tanto en saneamento como en abastecemento. E curioso, que hoxe, aínda ven hoxe na prensa, por exemplo, Fene, aínda ten parroquias, o concello e moito mais importante que o de Mugardos, parroquias, parroquias enteiras, digo ¿eh?, como Magalofes e outras parroquias que ten, as ten sen, sen auga aínda. E eu tamén creo que a igualdade de condicións, para todos, creo que é o mais correcto. Pero eu vos recordo a todos que Mugardos empezou a poñer a traida de auga á nosa xente, e no 2003 había zonas de Mugardos moi próximas como pode ser A Pedreira, ou como pode ser Simou, que non tiñan auga, aínda, dende o ano 60 ao 2003. E eu coincido que efectivamente que todas as parroquias, todos os veciños teñen que ter eses servizos, pero a nós nos corresponde priorizar, e non podemos descoidar investimentos que son necesarios facer noutros sitios, aínda que nos gustaría completar de unha vez por todas, porque é certo, a maior parte da parroquia de Franza e San Xoán van ter a auga dunha tacada en poucos anos. En do... en tres ou catro anos. Ou sexa, dende que se empezou a facer as obras. Mentres como dicía eu que en Mugardos se tardaron mais de corenta anos en levar auga a zonas próximas que son casi núcleo urbán. Por iso que, home está ben que os partidos da oposición pois queren que salgan

as obras que eles crean oportunas. No tema do alcantarillado do Monte, non hai ningún grupo eiquí que esté en contra de que ese núcleo, teña, teña o seu servizo de saneamento, e de auga por suposto. E... son sete casas, non é un núcleo importante como considera o PP, a menos que lle chame núcleo a sete casas. Importante. Eu creo que hai núcleos importantes, se... sete casas. E a inversión que require poñer o alcantarillado a sete casas pois e... conleva moitísimo mais que o que nos asina a Deputación de, para todo o POS. Entón eu creo que, que efectivamente os grupos da oposición, e sobre todo o PP debía de ser moito mais, digamos moito mais coherente, en vendo as dificultades que teñen os concellos que sabe perfectamente que todos os concellos, e o de Mugardos tamén as ten, debía de instar á Xunta para que de unha vez por todas pois eses núcleos de moi costosa financiación, pois de axudas, para, para facer esas obras. De feito o Concello de Mugardos está subvencionando agora unha obra co 50%, unha obra que son dous millóns de euros, a Xunta por un 50% e Mugardos pon outro cin, cin... cando debería subvencionalo ao 100% a Xunta. Pero bueno, as cousas son así, e eu entendo que, todos facemos un esforzo en chegar a... a acordos nas obras que plantexamos, na, na Comisión de Obras, para aprobar isto que traemos hoxe eiquí ao Pleno, e que polo tanto pois e... pois deberíamos de facer un esforzo e... e bueno con compromisos incluso, con compromisos de, de que no futuro, en un plan de obras calquera, pois que se poda ter en conta esta obra do Monte, que xa digo, é unha obra costosa para o, o, o beneficio que vai a dar ás persoas que se van a beneficiar dese, dese investimento. Creo que na liña que antes apuntaba Fariña é a mais correcta, é entón nos evitaríamos toda esta serie de problemas porque hai o que hai, facemos un reparto, e en función de, dos habitantes e en función diso seguramente Mugardos pois sería a que levaría a maior parte. Mugardos eu creo que necesita intervencións xa, de feito os números que apuntaba Fariña antes son aí, son reais, non é unha cousa que, que se invente, e que en Mugardos se ve efectivamente o goberno municipal estivo ata agora investindo a máxima cantidade de diñeiro nas parroquias de Franza e San Xoán. Creo que é o momento de que se conte tamén con Mugardos, e... porque Mugardos se deteriora pouco a pouco se non poñemos atención ao que se deteriora ao final imos a ter pois un casco urbano completamente deteriorado, e... o casco urbano pasará a partir de agora ás parroquias de Franza e San Xoán. Creo que, que debemos de facer un esforzo todos e coincidir de que as inversións futuras, sen descoidar xa digo, aquelas cousas puntuais nas parroquias, pero haxa o máximo de inversións futuras, se centren no, no casco urbano de Mugardos. Dito esto pois e... se abre outro turno de intervencións e que os grupos que queiran intervir pois... Ben ten a palabra o Presidente da Comisión de Obras.

Sr. Roca Lorenzo: Ben imos a ver, clarificar un pouquiño algunhas cousas. Si é certo que a separata número tres terceira e cuarta parte son necesarias, e necesario o alcantarillado no Monte, e hai necesarios moitas mais obras no Concello. Todos sabemos que é necesario, pero temos que darlle prioridade a algunhas, xa as expuxen anteriormente. E... sobre e... dicir que en obras soamente se levan... van a invertir oito mil euros, oito mil trescentos non sei canto eu creo que... non podemos dicir cousas por dicilas, creo que non, porque só no complementario do 2009 que é abastecemento de auga ao Lodairo o Concello vai a poñer corenta mil euros. Só niso. Outra cousiña, os depósitos se son novos aínda non están recepcionados polo Concello, non sei cando vai a ser. Pero de momento eses depósitos son para alimentar Franza de Abaixo, posto que está, están preparados para traballar so por gravidade. Hai que informarse, hai que saber porque hai que facer reformas, porque hai que

facen cousas. E Franza de Arriba vai a ser alimentada con bombeo, como ata o de agora as bombas que había eran para alimentar o colexio e, e o casino, pois agora hai que facer obras para poder alimentar a toda Franza de Arriba, para ter a suficiente capacidade para poder alimentar a parte de arriba. Son reflexións que fago así a bote pronto, porque ás veces dicimos cousas que logo... en fin. E por outra banda que se nos diga onde está a prioridade do Monte, que ten todo o dereito do mundo a ter o alcantarillado, si señor, así como tamén temos pedida a auga para o Monte ¿eh?, tamén pedimos para o alcantarillado, pero no seu momento cando se poida. Entendemos que é mais necesario as obras eiquí propostas que o alcantarillado do Monte. Porque todo o diñeiro do POS non chega para o alcantarillado do Monte. Polo tanto, creo que, que ás veces... en fin. Nada mais.

Sr. Alcalde: Fariña.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente di): Haber Alcalde. Eu o que fixen foi unha... non propuxen ningún tipo de obra. Fixen só unha reflexión de cómo estamos investindo durante un periodo de tempo os cartos. E eu creo que iso debera facernos pensar. Bueno, pois se non quere... se é mais rendible politicamente, e comprendoo, investir nunha zona que noutra, politicamente vale, eu non estou a falar de rendibilidade política. Segunda cuestión que eu creo que é importante, cando se recorda que xa estaba conprometido cousas, obras e tal, quero recordar tamén eiquí eu que as beirarrúas, que eu creo que non é a expresión correcta da obra, porque comportan as pluviais, era algo que o señor Moises ao principio da anterior lexislatura xa plantexou, e deixou xustamente pola complexidade que había das tuberías que estaban, estaban metendose R, e ian a meter non sei que e a outra cousa. O que é o centro de Mugar dos sen meter, o que é o centro de Mugar dos. Polo tanto o chamar sinxelamente beirarrúa creo que non é o correcto. Non ten separación de augas pluviais o casco de Mugar dos. Outra reflexión mais, que ademais quero dicir que o propio presidente me dixo que o ian a tratar na comisión, dixonolo, imos. Ian tratar de solucionalo, que non e culpa de ninguén, e culpa de todos, pero quero que conste en acta que na Rúa Rosalía de Mugar dos hai trinta e dúas, señores, trinta e dúas vivendas, trinta e dúas, non seis ¿eh?, trinta e dúas que verten directamente ao mar e non están comprendidos no plan de saneamento. Por erro fundamentalmente noso, eu o primeiro, que fun o que me din conta pero dinme conta moi tarde. E cando me din conta comenteillo ao presidente da comisión. Non teñen nada, están vertendo na propia praia de Mugar dos, que nos enchemos a boca todos moito de dicir que... na praia... por favor se algún de vós vai, e eu sei que algún vai, que peche a boca cando vaia a bañarse. Logo, que ademais de non ir, advirto, de non ir nin no plan que ven, nin ser como sería a pretensión optima, recollido pola Xunta no plan que está a facer, eu mesmo encabezarei unha demanda en contra do concello pola situación na que está. Queda claro o tema ¿non?. E é facilísimo, porque é un vertido incontrolado que todo o mundo o sabe, ilegal, pero todo o mundo temos coñecemento del e ninguén dixo nada. Bueno, despois outra cousa mais, non sei si houbo oito mil euros, é oito mil segundo dí o PP, pois claro eu creo, oito mil a aportación municipal a este plan de servizos e que é de moito calado o Monte. Eu creo recordar que o Monte son seis obras, creo que si era con bombeo... porque fixeronse, trinta e dous estudos me parece, si é con bombeo son 110.000 euros, mais docemil de compra de terreos, estamos en 122.000 euros. Eu xa critiquei no seu día pola forma o xeito, aínda que despois seguramente a reflexión fixo que se abaratara o xeito de facelo, recordades

perfectamente eiquí, o, a rede de sumidoirido do Vilar, que tamén era algo, eran mais, eran mais, eran quince vivendas parece. Segundo, os datos que eu dou son espaciados no tempo, non é de agora. É que algunha vez, haberá que facer o que dí o Alcalde, haberá que comezar a investir dentro de Mugardos. Segundo, é a miña opinión, é moi fermoso na prensa propoñer tal obra, ou outra obra, pero o que é non eiquí, aos cidadáns dicirlle que a separación de pluviais ou a rede de sumidoiro de non sei que ou a rede de sumidoiro de non sei canto non se pode facer, na prensa. Outro recordatorio mais, tamén é froito da idade. E... nos anos oitenta a auga non era prioritaria, nin en San Xoán, nin en Franza nin nada. Non o era. Eu, o que está eiquí, foi a Madrid negociou o tema da rede de sumidoiros porque era a rede de sumidoiros o que realmente quería. A xente nunha enquisa que se fixera, documentos ten que haber, non quería a auga, de acordo. Certo que os tempos trocaron, e polo tanto a demanda de consumo e moito maior, e agora hai problemas cos pozos, certo é. Outra cuestión, a realidade de Galicia, non de Mugardos, é que vai a haber zonas, ten que haber zonas con fosas sépticas necesariamente salvo que sexamos, queramos seguir sendo o Congo de non sei que sitio. E... e por derradeiro, creo que é por derradeiro, lembrar outra cousa que é fundamental. Primeiro, cando, porque xa é un vello tema, e xa se falou varias veces do tema de discusión, as obras en Mugardos, ata os anos oitenta e algo, que foi eu creo unha medida daquela boa, pero seguramente non é a óptima. O partido comunista que estaba gobernando eiquí decidiu que se remataban as contribucións especiais, pero antes eran do 50% ¿eh?. De calquera obra os veciños pagaban o 50%, 50% e.. bueno, pasou moito tempo e punto. Iso é unha discusión vella, non hai contribucións, pero podería habelas perfectamente, ninguén, ninguén se atreve a dicir eiquí... que pasa, non hai valentes eiquí que digan, si imos impoñer tipo Narón, o problema de Narón, imos a poñer contribucións especiais e facemos mais. Se son tan prioritarias vale, e se a repercusión por vivenda son miles e miles de euros poñamola, non... Agora si por derradeiro quero recordar un problema que realmente hai neste Mugardos, e que todo o mundo o sabe pero ninguén o dí de forma clara e concisa. As partes altas do casco de Mugardos, a presión de auga non é a presión óptima, non funcionan os calentadores, non funcionan señores os calentadores ¿eh?, hai zonas en que non funcionan, porque non chegan nin con moito aos dous kilos de presión. E levamos xustamente dende os anos sesenta así. Antes había unha necesidade, hoxe hai outra. Antes con tal de que chegara o grifo á auga, unhas gotiñas de auga xa estaba, acabouse. Agora hai outras. Pois non funcionan, e son moitos centos de habitantes que están nesa situación, que non funcionan. Bueno, pois eu o que quixera e quero, é que a reflexión nos leve a que non haxa un compromiso xa mañá ven o fondo de Zapatero dous, ou o fondo de pepito Juan tres, xa o teñamos predeterminado, que razoemos ben as cousas, que é certo que todos, e xusto, todo é necesario porque o mundo evolucionou moito e Mugardos obviamente tamén, pero con esa reflexión fagamos as cousas en condicións. E pode haber discrepancias nunha obra ou en dúas, pero no grosor das obras non debiera de ser, cando menos prioritario o tema. E zanxo de verdade, estamos pagando a auga cos cartos dos mugardeses, auga que tiña que poñer a Xunta sexa esta do, do bipartito anterior ou do PP agora, estamola poñendola nós, cando dende fai uns anos hai un canón pola auga que pagamos tódolos cidadáns, que é xusto para facer novos investimentos, e eiquíponse o 50%. O outro 50% puxose eponse tamén en función da situación económica que en aqueles tempos era o apelido, Reganosa, ¿vale?, e deixémonos de... senón tampouco se podería afrontar o tema. Ise é o tema, se queremos seguir a discutir, pois mira moi ben, eu

pasome unha horita, que é o que teño que facer, non teño outra cousa, neso e mais en pensar no Real Madrid, nada mais. Moitas grazas, grazas.

Sr. Alcalde: Gracias Fariña, Juan.

Sr. Fernández Ameneiro: Na miña primeira intervención creo que... fun bastante claro cando dixen que ao Grupo Socialista lle parecían perfectamente válidas tódalas obras propostas polos grupos municipais. O que ocorre é que había que priorizar unhas obras ou outras, e nós entendimos que as que hoxe veñen a este Pleno tamén eran importantes. E... se eu viñera eiquí e quixera facer un discurso pro Zapatero, pois simplemente tiña que recordar que recentemente se aprobou un plan estatal de investimento local, que para este concello veu un millón de euros, que supón o 20% do orzamento que imos a aprobar para o ano 2010. Un 20%, un millón de euros. Co que se fixeron obras tan importantes como o peche perimetral do campo de fútbol da Pedreira, como a urbanización dos Casas, a urbanización da rúa do Pixigo, o comedor escolar, a urbanización das Barcias, a urbanización da rúa María ou o tellado do Clube do Mar. ¿Perdón?. E o da Cámara Agraria, efectivamente. Si quixera facer un discurso pro Zapatero pois o tiña bastante doado. E agora co segundo plan de investimento local, que vai a aprobar o que xa está aprobado polo goberno do estado, este concello vai a recibir seiscentos mil euros. E como dixen fai un momento nós imos seguir, seguir apostando para que se sigan a desenvolver as obras de saneamento pendentes. Nada mais.

Sr. Alcalde: Si, Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente di): Si, haber. Imos a ver, nós frote a, ao criterio territorial, os datos que remata de expoñer Fariña xa os, xa os coñecíamos. Parte de eles expuxoos na, na Comisión de Obras, e polo tanto xa, xa eramos coñecedores dos mesmos. Pero bueno, tanto que se fala do Plan E, á parroquia de Mugardos-A Pedreira, tocoulle só entre a rúa María o Cano de Rúa e a os Casas, setecentos catro mil catrocentos sesenta e tres euros do conxunto dos 900.000. Ao mellor non había que coller só o POS, nos investimentos.

Sr. Alcalde: Dúas, dúas parroquias.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente di): Claro, claro, do cálculo que fai Fariña, Fariña fai dúas tamén, Mugardos A Pedreira xuntos. Si, si, si. Mugardos-Mehá, faino xunto. Mugardos-Mehá no Plan E do goberno do estado o prezo de licitación da obra Rúa María, Cano da Rúa e a dos Casás o prezo foi 704.463 euros, e como ben lembrou o Presidente da Comisión de Servizos ao voceiro do PSOE, nas parroquias foi o tellado da Cámara Agraria, e un tramo da rúa As Barcias. Pero eu creo que non é obxecto desta comisión, nós non o plantexamos en vila... “Villarriba” contra “Villabajo”. O plantexamos por unha cuestión de servizos, e tamén entendemos que os veciños de Mugardos vila, pagaron no seu momento contribucións especiais, pero por decisión deste concello dende fai bastantes anos esa práctica deixouse e polo tanto non creo que sexa problema dos veciños de Franza, San Xoán ou o Seixo, que o teñan que pagar con contribucións especiais, senón que o concello por decisión no ano 83, se ti dís era así, do que era o Partido Comunista antes, pois

decidiu non cobrar o que eran contribucións especiais, e aínda que o seguimos a ter nunha ordenanza, ninguén dende aquel intre levantou a voz para dicir que se paguen. É algo a estudar, nós non nos negamos pero en principio é así. Co tema do POS, nós plantexamos estas dúas obras en función do compromiso que tivemos, que era impulsar coa nosa actuación municipal a finalización do abastecemento de auga nas parroquias do Seixo, San Xoán e Franza. Entendemos que o POS é un bo programa ¿por qué?, porque compromete a execución das obras salvo o complementario que está pendente das baixas, pero que nun principio as obras que van dentro do POS van a ser executadas. E polo tanto, dado que, supoño que Fariña é obvio que o sabe, que a Lei de Bases do Réxime Local nos obriga no seu artigo 26.1... na parte A, que nos pon como a lei tal, tal... os concellos por sí ou asociados deberán prestar en todo caso os seguintes servizos, apartado a) abastecemento domiciliario de auga potable, entre outros servizos ¿eh?, tódolos concellos alumeadado público, cemiterio (aínda que bueno, non temos, pero da igual), recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, accesibilidade aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e control de alimentos e bebidas. No apartado b, a Lei de Bases do Réxime Local, 26.1.b, dí que os concellos con poboación superior a 5000 habitantes ademais parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos. Bueno, nós cremos que enlaza perfectamente, co, co que nós obriga a lei, e polo tanto cremos que pode ser. Se así non é considerado, pois non pasa nada. En todo caso, nós si dixemos que boa parte das obras as apoiamos, así o manifestamos ademais na Comisión, a excepción da execución da beirarrúa na Avenida de Galicia, que por certo, fixose unha referencia ás pluviais, e no proxecto que ven a, a Pleno, dí estado actual e obxecto do proxecto. Na actualidade na Avenida de Galicia concretamente o tramo comprendido entre o punto onde confluen coa rúa do Peteiro, e o punto onde conflue coa rúa do Mercado, presenta unha beirarrúa antiga e moi deteriorada, polo que se pretende dotar a este tramo de beirarrúa dun novo pavimento formado por lousas e bordillo de granito coa finalidade de mellorar o tránsito peonil neste lugar. Por certo non fai ningunha referencia ás augas pluviais, polo menos a parte que eu teño, non fai ningunha referencia, descripción das obras, pavimentación, zorra, formigón, lousas rectangulares, bordillo recto de granito, adaptación de registros existentes á nova rasante... se é así pido disculpas, eu a parte que teño non o pon. Se vai coas pluviais pido disculpas. E nós entendemos que pode ir incluída noutros programas como pode ser o Plan de Cooperación Local, e que polo tanto se faga proposición de beirarrúas, que por certo, creo que o pedimos asiduamente case que todos os anos, e sen embargo o abastecemento da auga sería inviable. En todo caso, nós facemos a nosa contraproposta, xa o manifestamos, e así o manifestamos na Comisión de Obras, que nos imos a abster no POS dado que no seu conxunto non estamos en desacordo, e isa é a nosa derradeira intervención.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente di): Non, é que a raíz da intervención de Pilar, venme unha cousa á cabeza, lembreime dun tema. Eu creo que no Plan A, alguén dixo me parece que foi Juan, que o campo do Galicia de Mugarbos había entrado no Plan A ¿non?. ¿Eh?. Si, si, bueno. Quero recordar que eu votei en contra, agora teño unha dubida, iso é parroquial ou é de todo o municipio. Non o sei, porque polo que remata de dicir Pilar, iso é parroquial, bueno, pois veña, vou a dicir parroquia. E outra reflexión, nadie no Plan E propuxo, nin eu ¿eh?, que votei en contra, propuxo non se faiga esa obra, e se faga ou ben o

Monte, ou ben, a auga de... que falta de San Xoán, ninguén. Non era prioritario, non é no artigo 16.1 prioritario, pois ninguén o dixo ¿eh?. Ninguén o dixo.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente di): Era por xeración de emprego, e polo tanto por unanimidade.

Sr. Fariña Doval (que traducido literalmente di): Deixame rematar, deixame rematar. No tema do investimento no campo do Galicia de Mugar dos. E eu non discuto que esté ben ou esté mal. Eu votei en contra por outras razóns. Porque entendía e entendo que había outras prioridades, pero bueno, non pasa nada. Pero carambas, eu non escoitei a ninguén dicir, non, no Galicia de Mugar dos non, que é en tal sitio e é mellor a rede de sumidoiro de tal sitio ou a auga daquel outro, ninguén. E no tema das pluviais, lembro por derradeiro, que foi, foi a loita que tivo, a loita, o traballo, a constancia, que tivo Moisés para ben ou para mal, neste Mugar dos. E o fixo en varias zonas de Mugar dos pero deixou o centro sen facelas. E deixouno pola complexidade que conleva. Non sei, eu os proxectos non os vin, non teño ocasión de ver os proxectos, vereinos e farei as modificacións pertinentes se é que é necesario. Se que é un ánaco da parte de aí abaixo, pero que non é nin toda a rúa Galicia, nin moito menos.

Sr. Alcalde: Gracias, ben entón finalizado o debate sometemos a votación.

Sra. Díaz Otero (que traducido literalmente di): Nós fixemos unha proposta ¿eh?. E que se votou na Comisión de Obras xa. E que claro....

Sr. Alcalde: Ah, vale, vale. Pois entón perdoa ¿eh?. Pois votos a favor da proposta de Izquierda Unida.

Rematado o debate sométese a votación a proposta presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida, e o Concello Pleno, por catro votos a favor (1 EU-IU, 3 PP), e nove votos en contra (5 BNG, 3 PSOE, 1 IPM), acorda rexeitar a devandita proposta.

A continuación, sométese a votación o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques do Concello de Mugar dos, e o Concello Pleno, por 9 votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 1 IPM,) e catro abstencións (3 PP, 1 EU-IU), adopta o seguinte acordo que transcrito literalmente di:

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº. 213/30.2009, e tendo en conta a cantidade asinada ao Concello de Mugar dos (158.053,80 euros) , así como o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar o **Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010**, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se

recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2010, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

| Denominación da obra | Estado + Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|---------------------|-----------------|-------------------|
| ACTUACIÓNS DE MELLORA NOS DEPÓSITOS DE FRANZA | 31.911,20 | 1.679,56 | 33.590,76 |
| EXECUCIÓN DE BEIRARRÚA NA AVENIDA DE GALICIA | 40.745,76 | 2.144,51 | 42.890,27 |
| EXECUCIÓN DE REDE DE COLECTORES NA RÚA DO PETEIRO | 52.320,00 | 2.753,68 | 55.073,68 |
| AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: BAILÓN | 33.076,84 | 1.740,88 | 34.817,72 |
| SUBTOTAL OBRAS | 158.053,80 | 8.318,63 | 166.372,43 |

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2010 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

| | Deputación |
|---|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 0 |

C) Resumo:

| Denominación da obra | Estado + Deputación | Concello | Presuposto total |
|----------------------------------|---------------------|-----------------|-------------------|
| SUBTOTAL OBRAS | 158.053,80 | 8.318,63 | 166.372,43 |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES | 0 | 0 | 0 |
| T O T A L | 158.053,80 | 8.318,63 | 166.372,43 |

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2010 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

| Denominación da obra | Presuposto |
|--|------------------|
| COLECTOR DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN LODAIRO-SESELLE | 35.581,28 |
| TOTAIS | 35.581,28 |

3.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2010 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2010.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,